

A portrait of a young woman with long, straight brown hair and blue eyes, wearing a dark teal or blue top. She is holding a clear glass filled with orange juice with both hands. The background is a dark blue with a bokeh effect. The name 'Leticia Rey' is written in a gold, cursive font across the middle of the image.

Leticia
Rey

DOSSIER PRESENTACIÓN LETICIA REY

bio

Leticia Rey nace en Vila de Cruces (Pontevedra). Comezou os seus estudos musicais aos 11 anos estreándose coa teoría musical e o piano, continuando coa guitarra e a harmonía. Non é ata os 16 anos que comeza a desenvolver o que sentía dende nena no seu interior, a súa vocación máis profunda: cantar.

Dende ese momento deixa corpo e alma no estudo da voz e do canto da man do Mestre Fernando Balboa con quen estudou durante 8 anos, e co que segue ata hoxe, ampliando e perfeccionando a súa técnica.

Despois comeza a explorar a creación dos seus propios temas, descubriendo un camiño de crecemento interior que a engancha cada vez máis e que sente a necesidade de compartir co mundo, mentres comparten versións doutros artistas nas súas redes sociais. Como licenciada en Filoloxía Inglesa ten facilidade para captar a esencia de moitas cancións que gosta facer de artistas que a apaixonan.

Luminosa e mística, a súa música observa o latexo do corazón do universo, móvese entre o mundo dos sonhos e o mundo que chamamos real, melodías inspiradoras desde un plano espiritual e exhalándoos materializados en sons persoais e etéreos, con toques jazz, folk e indie, que deleitan para encher de paz e conectar coas profundidades dos oíntes.

En decembro de 2020 a súa carreira comeza a facerse visible ao gañar o Concurso que convoca Estudios Mans da Fundación Paideia. O xurado estaba composto por tres xerentes de coñecidas salas galegas: Miguel de la Cierva de El Náutico de San Vicente, Suso Santamaría da Pousada das Ánimas e Noe Díaz da Arca da Noemí Vázquez.

Durante o 2021 compaxina as actuacións en directo coa preparación do seu primeiro EP cuxa gravación é o premio do citado concurso. Presenta a súa música en Festivais como Sinsal 21', Monumenta 21, Secret Concerts.

Durante o Culturgal, estrea o seu primeiro EP, homónimo formado por 3 temas en inglés e un en castelán. [No mes de decembro presentouno na Praza de María Pita de A Coruña](#)

Antes diso, no mes de outubro de 2021 dá un paso importante na súa carreira ao trasladarse a vivir a Culleredo, localidade moi próxima a cidade da Coruña onde teñen a base de operacións os tres músicos que forman a súa banda: Iago Mouriño, coñecido de sobra pola súa calidade no mundo do Jazz ao piano e teclados, o multiinstrumentista Jorge Quesada e o batería Óscar Quintáns.

O 12 de decembro de 2021 ten a oportunidade de presentar o seu proxecto coa banda ao completo no [Auditorio Xosé Casal](#) na súa localidade. Vila de Cruces, sorprendendo cunha excelente posta en escea e sonoridades que ata ese momento non puidera amosar en público.

En febreiro de 2022 inaugura o ciclo Musicais Matinais na Cidade da Cultura de Galicia.

Leticia Rey edita en maio o seu primeiro disco de longa duración "LuX", un directo con toda a banda que serve para inaugurar selo discográfico, 10d10 Discos, propiedade da súa axencia de representación. Dispoñible nas diversas plataformas e que foi presentado o 5 de xuño na sala coruñesa Garufa club.

Son doce cancións, todas propias, nove son en inglés, dúas en castelán e una en galego. Esta última foi un single a piano e voz titulada *Baleiro* e que se lanzara en plataformas tres meses antes.



O 5 de xuño presenta o seu primeiro Lp gravado en directo coa banda ao completo. A cita é no Garufa Club de A Coruña. O disco contén 11 temas orixinais recollidos en directo e como bonus track o citado tema en galego "Baleiro". É a primeira referencia do novo selo galego "10d10 Discos" Esta é a portada, obra da deseñadora Catalina Méndez:





Leticia Rey estreando EP no Culturgal 2021

formatos de actuacións

A artista pode ofrecer dende actuacións acústicas a guitarra e voz, pasando por formato dúo, trío ou cuarteto. Duración máxima das actuacións 75 minutos.

ligazóns a redes



Fotografía, audios, vídeos, dossier de medios, rider técnico

[Press Kit Leticia Rey](#)

Contacto 10d10 management

Tomi Legido +34 677428150 // consultas@10d10.net